

### Orden del Día Propuesto de la sesión AYT/XGL/11/2016

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Dna. María Rozas Pérez  
D. Jorge Carlos Duarte Vázquez  
Dna. Branca Petra Novo Rey  
Dna. Concepción Fernández Fernández  
D. Xan Xesús Duro Fernández  
D. Manuel Dios Diz  
Dna. Marta Irene Lois González  
D. Rafael Peña Vidal

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **12 de febreiro de 2016, ás 9:30 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

#### ORDE DO DÍA

1.- LIC/1457/2015.- ANGEL PARDO FIDALGO.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de adecuación de planta baixa de edificio de vivendas para local comercial na rúa de San Pedro nº 116.

2.- LIC/753/2005.- CONSTRUCCIONES VAL DO DUBRA, S. L.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a aceptación da cesión a título gratuito de terrenos realizada para a obtención da licenza de construción dunha vivenda unifamiliar en rúa Coto da Nai - Aríns, outorgada pola Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2005.

3.- LIC/257/2007.- GESPROCAR, S. L.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade

relativa a denegación da licenza de primeira ocupación para oito vivendas unifamiliares pareadas, parcelas 38-45 Polígono 2 do SUNP-28 da Barcia.

4.- LAP/131/2013.- JORGE MIGUEZ PRADO.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a denegación da ampliación da explotación existente de gando vacún leiteiro no lugar Casas de Arriba (As) - Cesar.

5.- LAP/42/2014.- EXPLOTACIÓN GANDEIRA REY S. C.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a declaración de caducidade do expediente de licenza de obras (LIC/168/2014) e actividade (LAP/42/2014) promovido para a ampliación e reforma de explotación de gando vacún en Vilamaior - Lavacolla.

6.- LIC/1689/2015.- ALVARO RODRIGUEZ PEREZ.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 13/10/2010.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á suspensión temporal das obras de acondicionamento dunha zona de descanso de peregrino, parque público e parque infantil en Angrois (XOB/10/2014-CON/57/2014).

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a autorización definitiva da subrogación na posición da sociedade Movilidade y Aparcamientos S.L., de ACVIL APARCAMIENTOS S.L.U., como nova sociedade concesionaria dos aparcamentos en Santiago de Compostela do Hórreo, San Clemente e San Caetano.

9.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa a corrección de erro no punto 17 da sesión de 11.dicembro.2015.

10.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa a denegación de diversas axudas do Programa Santiago Suma de Inclusión Social.

11.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a non prorrogar o convenio de asociación coa Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais-MUTUA FREMAP (MATEPSS, nº 61); denuncia do convenio coa devandita asociación e as solicitudes pertinentes para o cambio de cobertura e xestión das prestacións pola entidade xestora do INSS.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa a aprobación de convenio de colaboración entre o Concello e a USC para mellorar a actuación ante situacións de emerxencia, e a súa sinatura.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa a modificación horaria das zonas de hora de réxime xeral de curta duración.

14.- Proposta da concelleira delegada da área de Acción Cultural relativa a solicitude do programa "Ler conta moito 2016".

15.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

16.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2016

**O Alcalde**

**Asdo:Martiño Noriega Sánchez**